

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA A CELEBRACIÓN DA 23ª EDICIÓN DE XANTAR, SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO GASTRONÓMICO**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e Expourense para a celebración da 23ª edición de Xantar Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se levará a cabo na cidade de Ourense, do 9 ao 13 de novembro de 2022, para promover o coñecemento da gastronomía galega como un dos elementos esenciais do desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense), entidade sen ánimo de lucro tal e como establece o artigo 4 dos seus estatutos, ten como obxecto destinar e afectar un patrimonio á realización de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial á que a súa denominación e fins se contraen, entre os cales se sinalan a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais e calquera outra que teña por obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia e o nivel profesional de todos os sectores da actividade económica contribuíndo á mellora do nivel de vida do medio urbano e rural. O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é un evento organizado en exclusividade por Expourense para a promoción e fomento da actividade económica do sector turístico, que pola súa importancia está posicionado como un evento de prestixio no panorama peninsular.

**Terceiro.-** O Salón Internacional de Turismo Gastronómico é unha feira que chega á súa 23ª edición terá lugar do 9 ao 13 de novembro de 2022 e que congrega a milleiros de persoas, transformando o recinto de Expourense nun gran centro de restauración.

Ademais da promoción da gastronomía, Xantar é tamén o punto de encontro dos recursos turísticos das rexións participantes no salón. Sen saír do recinto feiral, o visitante pode coñecer os atractivos naturais, arquitectónicos, históricos e, por suposto, enogastronómicos, dos distintos puntos xeográficos promovidos por organismos públicos (concellos, deputacións, padroados de turismo, etc...) que acoden a esta cita procedentes de toda España e Portugal.

Tanto para profesionais como para público xeral organízanse actividades como conferencias, presentacións, showcooking, exposicións de arte, obradoiros didácticos, cursos de cata e degustacións, entre outras moitas.

**Cuarto.-** Resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio a este evento, xa que a gastronomía está posicionada como un dos reclamos turísticos máis



importantes, polo que resulta conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración para a realización de Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, buscando o fomento e promoción turística de Galicia a través da súa gastronomía e para un maior desenvolvemento e coñecemento da realidade e potencialidade da nosa Comunidade Autónoma.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser Expourense á única entidade organizadora e polo tanto que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Que a través deste convenio, outórgase a Expourense unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscrición dun contrato dos contemplados na Lei de contratos do sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

